

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

Programa Electoral 2022

A **Educación de Adultos** constitúe un dos instrumentos esenciais para facer efectivo o principio da aprendizaxe ao longo de toda a vida, que se facilita a través dunha oferta presencial, ou a distancia. Esta formación ofrece a todos os maiores de dezaioito anos a posibilidade de adquirir, actualizar completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

UGT esixe:

- Definir a rede pública de centros en número suficiente para atender as necesidades da poboación urbana e rural.
- Desenvolvemento dun Regulamento Orgánico de Centros (ROC) de Adultos que contemple e regule a realidade deste ámbito educativo.
- Considerar aos centros de Educación de Persoas Adultas como unha unidade de funcionamento, con aulas adscritas con carácter itinerante.
- Ampliar a oferta formativa nos centros de Educación de Persoas Adultas con actividades que contribúan á inserción profesional.
- Adecuala á formación parcial acumulable dentro da actual estrutura da FP.
- Recoñecer a especialidade de profesorado en Educación de Persoas Adultas e fixar canles claras e concretas de acceso do profesorado a esta tarefa.
- Incrementar a dotación orzamentaria para os Plans de Educación de Adultos.
- Incrementar os recursos humanos e económicos para cubrir o incremento da demanda existente.
- Dotar de persoal administrativo a todos os centros.
- Aplicar o complemento de destino de Secundaria a todo o profesorado.